

UNIÓN LIBRE. *Cadernos de vida e culturas*, nº4, *Erotismos*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1999, 245 pp.

Unión Libre. Cadernos de vida e culturas naceu no ano 1996 baixo a coordinación de Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer. Trátase dunha publicación de periodicidade anual caracterizada pola súa apertura pluricultural e integral, baixo unha óptica libertaria, independente e crítica. Respondendo a estes criterios de partida, podemos atopar un completo comité de redacción internacional no que se ven representadas diversas áreas culturais do mundo: as culturas eslavas (Vsévolod Bagno), orientais (Lily Litvak), africanas (Carme Junyent), amerindias (Kathleen N. March), ibéricas (Olga Novo), anglófona (Diana Conchado), francesa e italiana (María Lopo). Neste comité figura tamén como documentalista Xosé Luís Axeitos. Os tres primeiros números do anuario apareceron estrukturados en tres seccións –*Análise, Creación* (que inclúe creación inédita e traducción) e *Memoria*– acompañadas de numerosas reproducións de obras pictóricas, fotográficas e escultóricas.

O primeiro número de *Unión Libre* dedicouse ás «Mulleres escritoras», título que fai referencia ó Encontro Internacional do mesmo nome que Carmen Blanco dirixiu en Lugo no ano 1994, orixe do monográfico no que estudiosas de moi diversas procedencias abordan diferentes temas relacionados coa creación literaria das mulleres. «Labirintos celtas» foi o segundo número da publicación que consistiu nun achegamento dende diferentes perspectivas ás culturas celtas, establecendo un diálogo aberto e afastado de tópicos entre Irlanda, Escocia, Gales, Bretaña e Galicia, para ofrecernos unha panorámica actual das diversas linguas e literaturas, temas ou autores concretos. O terceiro monográfico titulouse «Literaturas integrais» e alí se recollerón diversas propostas de análise literaria integral, dende a teoría inicial, descrita por Claudio Rodríguez Fer, ata a súa aplicación concreta en variados contextos.

A tradución ó galego de textos contemporáneos é unha importante tarefa que *Unión Libre* realiza en cada un dos seus números. «Alquimia do verbo» recolleu a traducción que María Lopo fixo dunha escolma de textos capitais do poeta francés Arthur Rimbaud. No seguinte número Vicente Araguas traduciu dous poemas de Dylan Thomas, «A man que asinou o papel» e «No principio», e no terceiro número da publicación José Ángel Valente traduciu cinco poemas de Friedrich Hölderlin.

Ofrécenos tamén *Unión Libre* a publicación de orixinais inéditos e dentro deste apartado puidemos encontrar, dende a presencia portuguesa de Ana Hatherly, ás propostas visuais dos «Fotopoemas» de Claudio Rodríguez Fer ou ó poemario «Memoria, Sustancias, Límites» de Antonio Gamoneda, pasando polo simbolismo das «Visións» de Joan Brossa ou pola vitalidade poética de «Amar é unha india» de Olga Novo, ata chegar ás «Con-

fesións» de Isaac Díaz Pardo, tralas que se reproducen unha serie de debuxos do autor que a censura franquista tiña prohibido publicar no seu momento. Únense neste apartado do anuario poesía, creación innovadora, reivindicación e crítica.

Dentro da sección dedicada á «Memoria», recuperáronse no 1996 as Edicións de Ruedo Ibérico, con textos de José Ángel Valente, Juan Goytisolo e Nicolás Sánchez-Albornoz, ademais de estudos de Xosé Luís Axeitos e Isabel Gómez Rivas. No número de 1997, María Xesús Souto Blanco achegounos os datos do proceso que precedeu ó fusilamento do médico lucense Rafael de Vega Barrera no 1936, datos que permanecían inéditos ata ese momento. O terceiro número, correspondente ó ano 1998, redescubriunos ó escultor Francisco Vázquez Díaz, *Compostela*, mediante a reproducción fotográfica dalgúns das pezas da súa serie de pingüíns –parodias do humano en moi diversos aspectos reunidas baixo o título «Mundo pingüín»– precedida dun estudio de Carmen Vázquez Arce.

En relación con esta breve descripción inicial da revista *Unión Libre*, non podemos deixar de resaltar a coidada edición que cada un dos números presenta. O xogo de cores da portada de cada número introducenos xa nese mundo que nos agarda no interior. Os textos aparecen sempre enriquecidos con deseños alusivos ós diferentes temas tratados, as máis das veces, da pintora Sara Lamas. Así, encontramos unha colección de espirais celas abrínndonos as portas no número dedicado ó celtismo, ou reproduccións de diferentes mundos-planetas-sistemas potenciando a integralidade e universalidade das propostas do terceiro número da revista. E, á volta de calquera folla, pode sorprendernos algún apartado fotográfico funcionando a modo de documentación, de complemento conceptual ou de *interludio* visual, da man de fotógrafos como Luís Plácido, Eduardo Ochoa ou Manuel Alvarez.

«Erotismos», cuarta entrega do anuario *Unión Libre*, chega a nós no ano 1999, recollendo baixo este título –aberto e totalizador– expresións variadas do erótico como punto de partida e lugar de regreso para a memoria, a creación e a análise.

Fragments do corpo da muller interpretado pola pintora Sara Lamas abren e pechan *Erotismos*. As súas obras sobre os corpos feminino e masculino, divididas en series temáticas, artellan a estructura gráfica do anuario, iniciando, complementando e finalizando cada colaboración e preludiando a seguinte, imaxes sensuais e recreacións nos detalles que nos conducen ata unha explosión final de voluptuosidade. Sara Lamas é tamén a autora da serie «A pluma e o pincel», na que dous corpos se unen baixo o motivo recorrente do pincel e da pluma –o home escribindo o corpo da muller, a muller pintando o corpo do home– mentres o sexo flúe en múltiples manifestacións. Os símbolos caracterizadores dos personaxes están sempre presentes funcionalmente na intimidade

de cada intre que se nos presenta, o pincel que leva a muller acaricia, a pluma que leva o home roza o corpo amado, unha paleta de cores entra a formar parte tamén do xogo amoroso. Escritura converténdose en sexo e pintura transformándose en pracer, plurais e intensas demostracións de harmonía amorosa e sexual.

Comeza *Erotismos* co ensaio «Tratado da Pel. De corpos e mentes no éxtase», da escritora Olga Novo, que se converte nun verdadeiro manifesto do impulso vital que empuxa esta publicación: «Do lume e da vida, das vidas e das culturas que non atrapan nin codifican a pel, da libre unión do desexo e do coñecemento». Na busca do erotismo en estado puro a autora traza unha historia da sexualidade, as súas representacións e os seus reflexos literarios, dende a primixenia liberdade sexual, pasando polo amor cortés, pola condena cristiá, a prostitución e a pornografia, ata a concepción surrealista do amor e a unión libre como única resposta posible. E como peche de *Erotismos*, «Eróticas Heréticas Heteroxéneas: Por unha Filantropía Filoxina», ensaio de Carmen Blanco que recolle, sintetiza e concreta tódalas propostas que foron espallándose ó longo da revista –pola vida, pola ausencia de límites, pola creación en estado puro–. Proponnos unha reconciliación do home coa súa liberdade, fuxindo de toda opresión exterior, «vivindo só os vínculos dos praceres libres», desinhibíndose totalmente, gozando da «liberdade da vida discorrendo líquida e libre».

A creación ocupa un destacado lugar en *Erotismos*. «As orixes dos mundos» é un poema visual de Claudio Rodríguez Fer no que o sexo feminino representa progresivamente os diversos mundos concretos, a carne, a materia, o tempo, para acabar significando a plenitude total. A vida entreábase deixándonos ver o seu interior, manifestándose en variadas intensidades, baixo diferentes matices e humidades. A voluptuosidade do mundo convértese en muller. A muller é orixe da vida e vida mesma. Vemos de preto a existencia, que flúe núa ante nós, cunha proximidade que nos achega ó inexplicable, ó intangible. *COVA NOCTURNA* e *COVA DIURNA*, mundos concretos, funcións vitais, *AURORA TOTAL* –a vida en letras maiúsculas–. Vulvas que todo o inclúen, principio e fin e retorno da vida.

É tras a intensidade visual, a intensidade verbal creadora do poeta brasileiro surrealista Sergio Lima toma forma no poema «A boca da sombra que te ergue branca», orxiástica sucesión de imaxes sexuais e sensuais, cheas de sonoridade e cor, que debuxan o universo erótico, a amada, o éxtase amoroso. Intensas metáforas configurándose en longos versos que se apoderan dos sentidos, embebedándoos de pracer, repetíndose ou variando nunha case interminable e orgásrica sucesión. Levados polo desexo, pasamos unha e outra vez da luz á escuridade a través de múltiples cores. Unha luxuria sen fin na que a amada pode ser *tenebrosa ou feiticeira ou brutal calor que nos invade, tortura de prazer e perfumes*,

Senhora da noite, fêmea aberta ao infinito. O misterio do sexo, a maxia do corpo amado e abundante, convulsións, voluptuosidade, todo nos leva ó éxtase, que nos leva á calma que nos fai voltar ó éxtase: «eu não quero o amor eu quero a amada e toda súa luxuria / no grande desejo que te pontifica os seios en rosas desfeitas / e na transgressão extrema que te arrebata e viola até a encantación violada / de rastros de cometa de portal de penas salpicadas (...).».

Inclúe tamén este cuarto volume de *Unión Libre* unha reedición conmemorativa do cincuentenario da publicación de *Anfóra*, primeiro libro de Luz Pozo Garza, importante alegato a favor do erotismo que chegou para renovar o panorama poético da posguerra. Trátase dunha primeira reedición, a cargo de Natalia Regueiro, que tenta reivindicar a importancia desta obra na literatura contemporánea. Aparecen corrixidos diversos errores tipográficos da primeira edición do poemario e acompañan os poemas as reproduccións de cinco gravados de Sara Lamas.

Na sección dedicada á análise, encontramos en primeiro lugar un artigo no que Erika Bornay aborda o fenómeno das chamadas «suntuosas», cortesás cultas na Italia dos séculos XV e XVI, ofrecéndonos unha visión xeral da importancia que este fenómeno adquiriu en cidades como Roma e Venecia e centrándose despois nalgúnsas figuras concretas como as poetisas Veronica Franco e Gaspara Stampa. Fálasenos deste feito en canto ó que significou de liberador para algunas mulleres da época, permitíndolle manter unha estreita relación coa cultura e evadir en certo modo o sometemento ó que estarían condenadas pola súa condición feminina, unha liberalización sen dúbida atractiva vista idílicamente dende a distancia temporal. A continuación, Xosé Luís Axeitos fai un estudio da linguaxe amorosa e erótica na obra de Luís Seoane, sempre presente nas súas creacións pero especialmente explícita na súa obra gráfica e materializada nalgúns dos seus motivos más recorrentes, tales como a rapaza loira con trenzas ou as sereas. Exemplifícase o exposto coa reproducción de dous poemas manuscritos inéditos de Luís Seoane e catro ilustracións nas que pode observarse a súa persoal visión da sensualidade e a muller.

Finalmente, debemos falar das traduccións que xiran, en harmonía co conxunto, en torno ao erotismo visto dende diferentes perspectivas. Emma Luaces parafrasea á poetisa grega Safo en «Dos hortos de Afrodita en Lesbos». Aurora López e Andrés Pociña fan unha escolma e traducción de textos eróticos latinos: poemas de Catulo e do *Ars amandi* de Ovidio, fragmentos do *Satiricón* de Petronio e de *O asno de ouro* de Apuleio. E, para rematar, María Lopo ofrécenos «Furor Ferré», catro traduccións de cancións do cantautor francés Léo Ferré, abertas declaracións de amor e explícitas exaltacións sexuais, en perfecta consonancia coas ideas reflectidas neste cuarto número do anuario.

Erotismos. Plural porque son moitas as visións, as opcións expresivas, os puntos de vista. Erotismo clásico, contemporáneo, surrealista, conceptual, visual, plástico, poético. Reivindicación do erotismo total e da plenitude vital. O corpo que chega e todo o invade, o sexo que se declara como principio da existencia, a palabra que é sexo e liberdade, o sexo que é palabra e imaxe. Desa totalidade integradora e aberta nace *Erotismos*, que chega a nós facéndonos sentir como propia a intensidade contida nesa proposta liberalizadora que empapa cada canto da publicación, mergullándonos nun mundo de sensualidade e pracer que nos achega máis a nós mesmos, á nosa esencia exenta de toda opresión externa.

MANUELA AIRA

NOVO, Olga (1999): *O lume vital, de Claudio Rodríguez Fer*. Santiago: Libros da Frouma.

Esta edición del estudio de la obra poética de Claudio Rodríguez Fer está, según se informa en la contraportada, acogida a la fórmula de mecenazgo, y consta de 500 ejemplares, 250 de los cuales propiedad de la sociedad patrocinadora, 4-Cromía. Los 250 restantes tendrían que haber sido distribuidos entre las bibliotecas de Galicia (pág.4). Portada y contraportada –de cartón rugoso blanco– lucen, impreso en el centro preciso, un pensamiento violeta-fucsia con un pequeño tallo verde.

Se trata de la segunda obra que la estudiosa y poeta Olga Novo (1975) dedica a la obra de Fer. La primera, *Por un vocabulario galego do sexo. A terminología erótica de Claudio Rodríguez Fer*, publicada en 1995, era un diccionario del significado poético de algunos vocablos recurrentes en la obra del autor lucense. Cuatro años y dos libros propios de poemas después (El primero de ellos, *A teta sobre o sol*, apareció en 1996, mientras que *Nos nús* es de 1997), y sin haber interrumpido su colaboración en diversas publicaciones gallegas poéticas –alguna de las cuales, precisamente al lado de Rodríguez Fer– y su labor como crítica, Olga Novo publica *O lume*, cuyo título se inspira en una frase del profesor Ricardo Carballo Calero, aplicada precisamente a Fer.

Tal como se explica en una página que abre la Introducción, este libro pretende ofrecer una muestra antológica (que abarca de las páginas 77 a la 122) de la poesía de Rodríguez Fer, encabezada por el verso final de «Casa da néboa» (*Extrema Europa*): «E o rumor dos teus pétalos durará máis que a morte». La Antología va precedida de un estudio, la propia Introducción (páginas 11 a la 65), de la obra poética, que incorpora esporádicamente alguna mención a la narrativa (no antologada). Entre estudio y Antología, unas páginas de Bibliografía

(de la 69 a la 74) reúnen: a) Los textos de referencia general para la Introducción de Olga Novo, b) Publicaciones monográficas sobre Rodríguez Fer, entre los que se encuentran el mencionado de Novo y el trabajo de carácter biográfico de Natalia Regueiro (1998), *Os mundos de Claudio Rodríguez Fer*¹, c) artículos sobre Fer de Calero, Milagros Polo, Axeitos, Rodríguez Gómez y la propia Novo. Estos apartados reúnen 28 títulos en total. Un último apartado recoge: d) la obra poética y narrativa, y algún artículo de Claudio Rodríguez (25 títulos).

La Introducción de Novo va precedida de una dedicatoria: «Os meus pais,...» y de unas palabras de Vratislav Effenberg que afirman la indivisibilidad de «vida interior y exterior, (lo) subjetivo y objetivo, individual y colectivo, privado y público», glosadas todavía una vez en la página a la que nos hemos referido y que precede a la Introducción, y en la primera página y en la última de la misma. Se trata, pues, del eje del trabajo de Novo, que la estudiosa considera también eje de la obra del poeta estudiado. Éste será el punto de vista, una y otra vez glosado, de su trabajo.

Las páginas introductorias están divididas, como explica la propia autora en la página 11, en cuatro apartados: «A plenitude vital», «Sempre no mundo», «O bosque máxico», «A viaxe dos signos». A través de ellos, Novo hará un recorrido por lo que considera que son las líneas principales por dónde fluye la creación rodríguez-feriana: el erotismo, la tradición y la apertura a lo nuevo, el espacio más cercano y el más cosmopolita, la exaltación de lo femenino, la literatura y, en fin, la vida.

La cuidadosa estructuración de la obra es habitual en la autora, que en esta ocasión se refiere a *Seuils de Genette*, quien sistematizaba la importancia de los elementos paratextuales para entender la manera cómo quiere el autor/a que sea leída su obra. Las referencias internas presentes en el texto (que son las de la Bibliografía) nos indican también en qué marco teórico se coloca Novo a la hora de explicar la poesía de Rodríguez Fer y su poética, con la que la estudiosa parece identificarse en primera persona: Octavio Paz, Lezama Lima, los surrealistas. No olvida citar todos y cada uno de los artículos o trabajos más largos dedicados a Fer. Finalmente, los subapartados de los cuatro grandes bloques (dos, en todos los casos) continúan siendo muy cuidados, como lo es el entero texto, que mantiene una tensión poética impregnada de admiración por la obra comentada.

Ésta es quizás la impresión que se impone, ya en una primera lectura: la de la admiración literaria, como generadora de una crítica que entabla un diálogo con la obra estudiada. Difaría que hay un abismo entre los trabajos hechos por la sola profesionalidad y los tra-

¹ Reseñado por María Martínez Xoubanova en el número 6 de la *Revista de Lenguas y Literaturas Catalana, Gallega y Vasca* (1999: 425-428).